

INSTRUCCIÓN 4/2012 DA XERENCIA, SOBRE A APLICACIÓN NA NÓMINA DO PERSOAL DA UDC DA SUPRESIÓN DA PAGA EXTRAORDINARIA DO MES DE DECEMBRO DE 2012 ESTABLECIDA POLO REAL DECRETO LEI 20/2012, DO 13 DE XULLO.

O artigo 2 do *Real Decreto Lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade* (BOE núm.168 do 14 de xullo) establece, con carácter de norma básica, a supresión da paga extraordinaria do mes de decembro de 2012, de acordo coas regras de redución e supostos retributivos previstos no dito precepto para as distintas categorías de persoal do sector público.

Pola súa parte, a *Lei 9/2012, do 3 de agosto* (DOG núm. 152 do 9 de agosto) de *adaptación das disposicións básicas do Real Decreto Lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, en materia de emprego público*, establece na súa Disposición adicional quinta que as Universidades integrantes do Sistema Universitario de Galicia e as súas entidades instrumentais dependentes, realizarán as operacións precisas para aplicar a redución da paga extraordinaria de decembro na contía e co alcance sinalado no artigo 1.2 desta norma, establecendo a continuación que as transferencias do fondo incondicionado do SUG reduciráanse na contía equivalente ás retribucións reducidas.

Para aplicar as anteriores medidas que impoñen á supresión da paga extraordinaria do mes de decembro de 2012, e realizadas as correspondentes consultas e reunións cos órganos de representación do persoal da UDC, díctanse as seguintes normas para facer efectiva esta redución retributiva nas correspondentes nóminas:

Primeira.- Persoal docente e investigador funcionario e laboral e persoal funcionario de administración e servizos:


O PDI funcionario e laboral e o PAS funcionario non percibirá na nómina do mes de decembro de 2012 as cantidades correspondentes á paga extraordinaria polos distintos conceptos retributivos que a integran.

Segunda.- Persoal laboral de administración e servizos:

Ao PAS laboral, que no seu réxime retributivo ven percibindo tres pagas extraordinarias ao ano, reducirase unha catorceava parte das súas retribucións totais anuais. Dita redución prorratearase, por partes iguais, nas nóminas correspondentes ao meses de setembro e decembro de 2012.

Terceira.- Persoal contratado laboral temporal con cargo a programas, subvencións e convenios:

A este persoal, que ven percibindo na súa nómina de forma prorrateada as pagas extraordinarias, se lle reducirá unha catorceava parte das súas retribucións totais anuais de forma prorrateada nas nóminas dos meses de setembro, outubro, novembro e decembro de 2012.



Cuarta.- Persoal eventual:

Ao persoal eventual ao servizo da UDC se lle descontarán na nómina do mes de decembro de 2012 as cantidades correspondentes á paga extraordinaria polos distintos conceptos retributivos que a integran.

Quinta.- Titular da xerencia:

Ao titular da xerencia da UDC se lle reducirá unha catorceava parte das súas retribucións totais anuais de forma prorrateada nas nóminas dos meses de setembro, outubro, novembro e decembro de 2012.

Sexta.- O disposto nos apartados anteriores non será de aplicación, de proceder, a aquel persoal da UDC cuxas retribucións por xornada completa, excluídos os incentivos ao rendemento, non alcancen en cómputo anual 1,5 veces o salario mínimo interprofesional establecido no Real Decreto 1888/2011, do 30 de decembro.

Sétima.- No cálculo das reducións sinaladas nos apartados anteriores non se terán en conta os conceptos retributivos que non integran as pagas extraordinarias; non se terán tampouco en conta os incentivos ao rendemento nin as horas ou gratificacións, no seu caso, de carácter extraordinario.

Oitava.- Para os efectos do cálculo da base de cotización por contingencias comúns do Réxime xeral da Seguridade Social estarase ao disposto no artigo 5 do Real Decreto Lei 20/2012, do 13 de xullo.

Novena.- Ao persoal de calquera clase que remate á súa prestación de servizos antes do 31 de decembro de 2012 non se lle liquidará a parte correspondente á redución que lle resultase aplicable de conformidade co previsto nas anteriores normas.

Décima.- A regularización do tipo de retención do IRPF que proceda realizar en virtude do disposto anteriormente, calcularase segundo o previsto no artigo 87 do Regulamento do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas aprobado polo Real Decreto 439/2007, do 30 de marzo; en todo caso, esta regularización realizarase non máis tarde do 1 de outubro de 2012.

A Coruña, 9 de agosto de 2012.

O xerente

Juan M. Díaz Villoslada.

Sr. Reitor
Sres/as. Vicerreitores/as.
Sr. Secretario Xeral.
Servizo de Retribucións e Acción Social.
Servizo de PDI.
Servizo de PAS.
Servizo de Investigación.
PDI
PAS